



# Concello de **OURENSE**

## DECRETO DA ALCALDÍA. Ourense, 27 de xuño de 2017

Visto o informe-proposta elaborado polo Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria en funcións, de data 23 de xuño, refrendado pola Sra. Concelleira Delegada de Facenda, en relación coa solicitude de aprobar unha transferencia de créditos feita pola Concellería de Recursos Humanos, mediante providencia, asinada o 21 de xuño, en uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 181 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións que a desenrolan, así como de acordo co artigo 14 das Bases de execución do Orzamento Municipal vixente, a data da presente, **ACORDO** :

**1.- Aprobar a modificación orzamentaria 11-T/2017, utilizando a figura das transferencias de crédito entre aplicacións da mesma área de gasto, nos seguintes termos:**

### Área de gasto 3

#### A) APLICACIÓNS QUE RECIBEN CRÉDITO

Aplicación	Descrición	Importe
N230.3370.12005	Soldos Grupo E. Xuventude. Ret. básicas	7.000,00 €
N230.3370.15101	Festividade e nocturnidade. Xuventude	1.800,00 €
<b>Total Transf. Positivas:</b>		<b>8.800,00 €</b>

#### B) APLICACIÓNS QUE TRANSFIREN CRÉDITO

Aplicación	Descrición	Importe
N230.3200.12005	Soldos Grupo E. Educación. Ret. básicas	7.000,00 €
N230.3200.15101	Festividade e nocturnidade. Educación	1.800,00 €
<b>Total Transf. Negativas:</b>		<b>8.800,00 €</b>

**2.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos.**

Mándao e asíno o Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, do que eu, Oficial Maior, dou fe.